



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE DOUS CONDUCTORES DE MOTOBOMBA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

ANTECEDENTES:

O artigo 20 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, prohibe contratar durante este exercicio persoal temporal ou interino, non sendo para casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxiran aos sectores, funcións e categorías profesionais prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Neste contexto, considéranse que a brigada de prevención e defensa contra o lume forestal é un servizo público esencial e a Xunta de Galicia contribúe ao seu financiamento por medio do correspondente convenio.

Por todo o exposto DECRETO:


Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral de dous condutores de motobomba.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Rois, 13 de xuño de 2017

O alcalde


Ramón Tojo Lens



O secretario


Diego Losada Romero



BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS CONDUCTORES DE MOTOBOMBA.

PRIMEIRA.– Obxecto da convocatoria, modalidade de contratación e duración do contrato.

O obxecto desta convocatoria é a provisión mediante concurso de dúas prazas de condutor motobomba para a brigada de prevención e defensa contra o lume forestal, mediante contratación laboral de carácter temporal, a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases, de conformidade co, Real decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público e demais disposicións de pertinente aplicación.

A duración do contrato de traballo será determinada para desenvolver as tarefas propias dos citados postos de traballo na brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto de convenio coa Consellería do Medio Rural, e por un período de **tres meses e medio**. A relación laboral formalizarase mediante contrato de obra ou servizo determinado, ao amparo do establecido no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

SEGUNDA: Financiamento e retribucións.

A contía das retribucións e cotas da Corporación por seguridade social será imputable en base ó Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Rois.

As retribucións brutas mensuais incluíndo a parte proporcional da paga extra ascenderán a: 1295,00€ brutos mensuais.

TERCEIRA: Publicidade de bases e convocatoria.

A convocatoria, que incluírá extracto das Bases, será publicada na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios que dese lugar, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

CUARTA: Horario e tarefas encomendadas.



O horario realizarase de luns a domingo, cos descansos que establece a Lei, e coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo.

As tarefas encomendadas ós citados postos, son as propias de traballo de condutor de motobomba para prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto de convenio doa Consellería do Medio Rural

QUINTA.-Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitase. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Estar en posesión do certificado de escolaridade, estudos primarios, ESO, EXB ou equivalente e permiso de conducción BTP

Os requisitos para concorrer están referidos ó último día de presentación de instancias.

SEXTA.- Presentación de solicitudes.

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixido ó sr. alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Quinta desta convocatoria, nun prazo de cinco días hábiles que se iniciará ao día seguinte da publicación do anuncio na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do mesmo.

Poderán, así mesmo remitirse, na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os/as concursantes deberán comunicalo inexcusablemente, mediante telegrama ou telefax (número de fax do Concello 981804182), durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, pois de non facelo así, e de darse a circunstancia



de non ter recibida a documentación no citado prazo, serán excluídos do proceso selectivo.

Se conforme a ese precepto se presentaran a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no rexistro xeral será a que conte a todos os efectos.

A non presentación en tempo e forma suproá a exclusión do/a participante.

2.–Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar:

- Fotocopia autenticada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia autenticada dos títulos esixidos e permiso de condución (nos casos nos que se esixen)
- Fotocopia autenticada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificados documentalmente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo.

NOTA.–Admítese, para os efectos de acreditación da formación mínima requirida, a presentación de fotocopia da solicitude de expedición do título, se ben neste suposto débese acompañar da certificación académica de que se remataron os estudos correspondentes.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

SÉTIMA.–Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo dunha semana, que se publicará no taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web do Concello, indicando a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos e as causas de exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo máximo de dous días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da resolución para reparar o defecto. No suposto de non presentárense reclamacións, as listaxes provisionais elevaranse a definitivas.



A resolución que aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos fixará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora de inicio da entrevista e poralle fin á vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase no taboleiro de anuncios.

OITAVA.– Tribunal cualificador.

O Tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas de admitidos e excluídos.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

NOVENA.– Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

Sistema de provisión:

1) CONCURSO DE MÉRITOS.

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polos aspirantes. No suposto de non constancia documental de méritos ou que a mesma sexa incompleta, imposibilitando o Tribunal a súa comprobación exacta



ou determinación, non se terán en conta. Puntuarase conforme ó seguinte baremo (**ata un máximo de 6 puntos**).

A) Experiencia profesional. A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes(extinción de incendios e labores de prevención), 0,01 puntos por mes **ata un máximo de 2,00 puntos**. Xustificarase por medio de informe de vida laboral e certificación de empresa ou contrato de traballo.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días.

A prestación de servizos deberase acreditar con copia cotexada dos contratos e dos certificados de empresa, así como, no seu caso, informe da persoa ou órgano competente do contido e calidade dos traballos realizados.

B) Formación.- Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, **ata un máximo de 2 puntos**:

- De 15 a 50 horas: 0,25 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,50 puntos
- Mais de 100 horas: 1 punto

C) Por tempo en desemprego (valorarase 0,25 puntos por cada catro meses de desemprego sendo do último periodo ininterrompido), entregando informe do INEM, **ata un máximo de 1,00 puntos**.

D) Carné de conducir, por dispor de máis permisos de conducir 0,25 puntos por cada un deles **ata un máximo de 1 punto**, excluindo sempre o que se esixe.

E) Entrevista persoal. - Consistirá en avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ó posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio. Puntuarase **ata un máximo de 3,00 puntos**.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da Corporación. Será seleccionado aquel que obteña maior puntuación.

2)PROBA FISICA E RECOÑECIMENTO MÉDICO

A) Proba física. Realizarán esta proba as persoas que obteña a maior puntuación na fase do Concurso de méritos **TERÁ CARACTER ELIMINATORIO**



Consistirá na realización de proba de esforzo denominado do banco que consiste en baixar e subir dun banco de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos (22.5 veces por minuto) durante un periodo de 5 minutos, e é necesario para ser considerado apto obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba: 35 puntos.

- B) Recoñecemento médico.** Realizarase o recoñecemento médico as persoas que realicen as probas físicas e terá CARACTER ELIMINATORIO.

DÉCIMA.–Proposta de aprobado.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios do Concello o nome do aspirante aprobado coa puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor do aspirante que obtivera a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal, incluírase unha relación dos aspirantes, por orde de puntuación, que non foran incluídos na lista de aprobados e proposta de nomeamento, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia do seleccionado.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

UNDÉCIMA.–Formalización do contrato.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e ao seu chamamento para a súa incorporación.

Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura dos contratos, o aspirantes contratado deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.



DUODECIMA.– Normas finais.

Primeira.– Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.– Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Terceira.– Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.– Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso – administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso – administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Rois, 13 de xuño de 2017
O secretario,

Diego Losada Romero



ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA

D/ D^a.....
con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en.....
C.P.....
Teléfono.....

Expón:

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo enriba indicado mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía.
Para tal efecto fai constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na Base Quinta da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

Documentación que achega:

-
-
-

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria e praza solicitada, así como que acata integramente o contido das bases

Rois, de..... de 2017

ASDO:

Dilixencia para facer constar as presentes bases foron aprobadas por resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2017 constan de 10 páxinas en papel timbrado municipal e seladas por Secretaría.

Secretario.
Diego Losada Romero.